



Ourense, 12 de marzo de 2020

## CLUBS DA FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTES DE INVERNO

Estimado Presidente:

Como consecuencia da crise do COVID-19, onte mantivemos un encontro na Xunta de Galicia, en Santiago de Compostela, de tódalas Federacións Deportivas Galegas coas Autoridades Deportivas Galegas.


Esta Federación Galega Deportes Inverno, có fin de actuar con responsabilidade e salvaguardar a saúde dos nosos federados, das xuntas directivas das entidades galegas federadas, directivos da federación, técnicos, árbitros, etc., tomou con carácter de urxencia as seguintes decisións, na liña das que empezan a tomar os nosos compañeiros das outras Federacións de Galicia:

1. En función da evolución cambiante dos acontecementos, quedan suspendidas tódalas Actividades Federativas como mínimo ata o próximo día 31 de marzo de 2020. En función da evolución da pandemia se prorrogaría este prazo de suspensión ata o mes de Abril ou se anularía.
2. As actividades afectadas, poderán ser reprogramadas para novas datas unha vez pasada a crise sanitaria, polo tanto, trátase en principio única e exclusivamente dun retraso na realización das mesmas.
3. Manteremos informados aos clubs da evolución dos acontecementos.
4. Recomendamos a tódalas Entidades Deportivas adscritas a Federación Galega de Deportes Inverno, que adopten decisións de prudencia e eviten actos e actividades que podan representar posibles transmisións do virus.

Para todos nos trátase dunha situación incómoda, pero as ingratas decisións que tomamos poden contribuír de maneira decisiva a erradicación definitiva da citada pandemia.

Sen outro particular, despídome cun cordial saúdo e unha forte aperta.



  
Miguel Barreto Lorenzo  
Presidente FGDI

### FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTES DE INVERNO

Carlos Maside s/n – Local 11 / Campo Fútbol “O Couto” / 32002 OURENSE

Tel.: 988228591 / Móvil: 667328028

[www.fgdi.es](http://www.fgdi.es) / [secretaria@fgdi.es](mailto:secretaria@fgdi.es)

<https://www.facebook.com/fgdinverno>

<https://twitter.com/FGDInverno>